

## DOMINGO I DE CORESMA (B)

### PRIMEIRA LECTURA (Xen 9, 8-15)

Lectura do libro da Xénese

Deus díxolle aínda a Noé e mais a seus fillos:

- "Vou establece-la miña alianza convosco e cos vosos descendentes, con tódolos animais que están convosco, os paxaros, os gandos e as feras todas do monte, cantos saíron da arca e agora viven na terra.

Fago convosco esta alianza: Endexamais será outra vez destruída vida ningunha polas augas do diluvio; non haberá outro diluvio que estrague a terra".

E Deus engadiu:

- "Este será o sinal da alianza que eu fago convosco e con tódolos seres vivos que vos fan compañía, para tódolos tempos: Poño o meu arco nas nubes, sinal da miña alianza coa terra. Cando amoree nubes sobre a terra e apareza o arco nelas, lembrarei a miña alianza convosco e con tódolos seres vivos, e non haberá máis augas de diluvio que destrúan a vida.

### SALMO RESPONSORIAL (Sal 24, 4bc-5ab. 6-7bc. 8-9)

R/. (cf. 10): **Os camiños do Señor son todos misericordia e lealdade,  
para os que gardan a súa alianza.**

Amósame, Señor, os teus camiños,  
ensíname os teus sendeiros,  
diríxeme na túa verdade, apréndeme,  
que ti e-lo meu Deus salvador.

Lémbrete, Señor, da túa compaixón e da túa misericordia,  
pois existen desde sempre.  
Acórdate de min segundo a túa misericordia,  
pola túa bondade, Señor.

O Señor é bo e recto:  
por iso lles ensina o camiño ós pecadores;  
El dirixe na xustiza os humildes,  
e amósalle-lo seu camiño ós pobres.

**SEGUNDA LECTURA** 1 Pe 3, 18-22

Lectura da Primeira Carta do Apóstolo San Pedro

Benqueridos irmáns:

Cristo morreu unha vez polos vosos pecados, o xusto polos pecadores, para vos achegar a Deus; sufriu a morte na carne, pero recibiu vida no espírito.

Foi daquela cando lles foi proclama-la salvación mesmo ós espíritos encadeados, que foran rebeldes, cando, nos tempos de Noé, Deus, cheo de paciencia, estábaos agardando, mentres se construía a arca; dentro dela, uns poucos, en total oito persoas, salváronse pola auga; esta auga simbolizaba o bautismo que vos salva a vós, non por ser unha limpeza do corpo lixoso, senón por se-lo compromiso con Deus dunha conciencia honrada, pola mediación de Xesús Cristo resucitado, que subiu ó ceo e está á dereita de Deus, despois que se lle someteron os anxos, os poderes e as forzas.

**EVANXEO** Mc 1, 12-15

Lectura do Santo Evanxeo segundo Marcos

Naquel tempo, o Espírito encamiñou a Xesús ó deserto. Alí permaneceu corenta días, alí o tentou Satanás; vivía entre as feras, e servíano os anxos.

Cando prenderon a Xoán, marchou Xesús a Galilea a anuncia-la Boa Nova de Deus, dicindo:

- O tempo está cumprido, e chega o Reino de Deus; convertédevos, e crede na Boa Nova.